

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2021 pola que se publica o resultado da décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural (código de procedemento MR709A).

Mediante a Resolución do 30 de decembro de 2020 convocouse, mediante tramitación anticipada de gasto, a décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e aprobáronse as súas bases reguladoras (DOG núm. 28, do 11 de febreiro de 2021).

Para financiar esta convocatoria existía un crédito de 80.000 € que se imputou ás contas orzamentarias 14.A1.712A.770.0 (03.01 03/04/01 656701) e 14.A1.712A.781.0 (03.01 03/04/01 656811).

O 2 de xullo de 2021, a directora xeral da Agader, no exercicio das competencias atribuídas en virtude do Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 11 de xullo de 2013 (Resolución do 24 de xullo de 2013; DOG núm. 148, do 5 de agosto), resolveu a citada convocatoria.

O artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, dispón que o órgano concedente publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención. Así mesmo, o artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que se deberá publicar a concesión das correspondentes axudas ou subvencións.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas ao abeiro da décimo segunda edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, convocada pola Resolución do 30 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Inés Santé Riveira

Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



ANEXO

Beneficiario	Finalidade da subvención	Importe
Innogando, S.L.	Desenvolvemento de asistente virtual para granxas de vacún	10.000 €
Sabologal, S.L.	Rehabilitación e posta en marcha do Abeiro da Loba, aloxamento no Camiño Norte	10.000 €
GDR Mariñas Betanzos	Iniciativas para impulsar a riqueza turística na reserva da biosfera Mariñas Coruñesas, primeiro destino ecoturismo certificado de Galicia	10.000 €
Muuhlloa, S.L.	Produción de cosmética a base de leite fresco e plantas locais	10.000 €
Asociación Ambar das persoas con diversidade funcional	Programas de atención ás persoas con diversidade funcional	10.000 €
Federación de razas autóctonas de Galicia BOAGA	Conservación e recuperación do patrimonio xenético das razas autóctonas galegas	10.000 €
M ^a Dolores Vázquez Carballés	Recuperación de terras agrarias en Muras mediante explotación de vacún en extensivo	10.000 €
Sociedade Cooperativa A Carqueixa	Produción de tenreira galega suprema	10.000 €

